

# PROPOSTAS DE FUTURO DO SECTOR DA ECONOMÍA SOCIAL PARA SUPERAR A CRISE DERIVADA DO COVID19



FOROESGAL  
Foro pola Economía Social Galega

## COMISIÓN REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago, a 2 de Nadal do 2020

## 1.INTRODUCCIÓN

A Economía Social estase a perfilar como un sector económico e un actor fundamental na sociedade actual.

A nivel de Galicia os datos se recollen no libro branco da economía social Galega, realizado polo CEOP, Centro de Estudos Cooperativos enmarcado na USC. En Galicia existen 4.788 empresas e xeran 24.904 empregos directos e 74.120 socios, comuneiros,..... O pero económico do sector ascende a 6,75% del PIB (sen contar con asociacións e fundacións).

A través dunha ampla e rica variedade de formas organizativas, a Economía Social propón unha realidade diferente introducindo un conxunto de principios, valores e obxectivos comúns como a primacía da persoa e do obxecto social sobre o capital, a adhesión voluntaria e aberta, o control democrático, a conxunción dos intereses das persoas usuarias e do interese xeral, a defensa e aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade, a autonomía de xestión e a independencia respecto dos poderes públicos; combinando actividades económicas sostibles cun impacto social positivo e axustando, ó mesmo tempo, os bens e servizos ás necesidades das persoas.

Así, fronte á necesidade de buscar alternativas que dean resposta ás problemáticas socioeconómicas e medioambientais actuais, a Economía Social intensifica a súa visibilidade como un sector que se erixe como un alicerce en termos de emprego e de cohesión social.

Por todo elo, nos últimos tempos a promoción da Economía Social accede ás axendas dos poderes públicos, identificando a necesidade de apostar e promover un novo modelo económico e social de desenvolvemento sustentable, así como poñer en valor e dotar de relevancia as achegas que a Economía Social fai á sociedade.

Nesta liña de aposta e posta en valor da Economía Social, a Xunta de Galicia, dento do seu marco competencial, tamén desenvolve unha política de fomento da Economía Social, sendo a Rede Eusumo a súa principal ferramenta.

A continuación, unhas conclusións que proporcionen liñas de mellora e fortalecemento da política en base á identificación dos resultados máis salientables.

## 2 ANALISE DAFO E RECOMENDACIÓNS DA POLÍTICA DE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA E DA REDE EUSUMO.

### 2.1 ANÁLISE DAFO.

En base ás recomendacións aquí recollidas como resultado do traballo de estudo levado a cabo sobre a política de fomento da Economía Social en Galicia e a Rede Eusumo, como principal ferramenta desta política, preséntase o resultado dunha análise DAFO.

A través desta matriz preténdense identificar, de xeito sinóptico, os principais aspectos da política de fomento da Economía Social en Galicia, así como da súa principal ferramenta de acción a Rede Eusumo, en termos de oportunidades de mellora e fortalecemento, así como de posibilidades de reformulación e trocos. Identificando para elo as fiestras de oportunidade existentes na actualidade, así como as dificultades a afrontar para acometer o obxectivo que se persegue.

D E B I L I D A D E S	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A vía incentivadora como principal ferramenta da política de fomento da Economía Social.</li> <li>▪ Complexidade da vía incentivadora.</li> <li>▪ Limitacións nas tarefas de coordinación da Rede Eusumo.</li> <li>▪ Insuficiencia dos traballos conxuntos por parte das entidades colaboradoras da Rede Eusumo.</li> <li>▪ Focalización da actuación Rede en accións de promoción e difusión.</li> <li>▪ Elevado número de entidades adheridas á Rede que non presentan actividade no marco das axudas da Rede Eusumo.</li> <li>▪ Escasa presenza das accións vencellas coa investigación académica.</li> <li>▪ Limitación nos datos primarios oficiais de calidade.</li> <li>▪ Ausencia dun sistema integral de seguimento e avaliación da política de fomento da Economía Social e da Rede Eusumo.</li> </ul>	A M E N A Z A S
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Situación actual de crise económica.</li> <li>▪ Problemas de sustentabilidade e viabilidade económica das actividades económicas, tamén nas de Economía Social.</li> <li>▪ Contexto de urxencia demográfica, principalmente no rural.</li> <li>▪ Desconexión entre as diferentes ferramentas de planificación estratéxica territorial vixentes.</li> <li>▪ Falta de complementariedade entre a Economía Social e o mundo académico universitario.</li> <li>▪ Fenda dixital no ámbito rural.</li> </ul>	

F O R T A L E Z A S	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Marco normativo sobre Economía Social: Lei 6/2016 e Decreto 225/2012.</li> <li>▪ Existencia dunha rede, Rede Eusumo, de elevada capilaridade sectorial e territorial.</li> <li>▪ Elevado volume de accións de difusión, formación e asesoramento en materia de Economía Social no marco da Rede Eusumo.</li> <li>▪ Proceso de modernización dos Rexistros administrativos das entidades de Economía Social</li> <li>▪ Traballo conxunto de reformulación da Rede Eusumo entre a Subdirección Xeral de Economía Social e o Foro pola Economía Social Galega.</li> </ul>	O P O R T U N I D A D E S
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A Economía Social como parte da Axenda 2030: para o Desenvolvemento Sostible.</li> <li>▪ Potente artellamento asociativo da Economía Social galega.</li> <li>▪ Importante implantación territorial das entidades representativas da Economía Social para xerar efectos multiplicadores.</li> <li>▪ Inserción das Universidades galegas na Rede Eusumo.</li> <li>▪ Salientable participación das administracións locais na Rede Eusumo.</li> <li>▪ Elevada densidade de actores que traballan no desenvolvemento local a nivel territorial.</li> <li>▪ Incorporación paulatina nas axendas da contratación pública socialmente responsable.</li> <li>▪ Elevada resiliencia da Economía Social.</li> </ul>	

## 2.2 RECOMENDACIÓNS DA POLÍTICA DE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL

### 1. Fortalecemento da Estratexia Galega de Economía Social.

Galicia conta na actualidade cuns alicerces potentes para, a partir dos cales, continuar a acción de fomento da Economía Social fortalecéndoa. Estes alicerces son, ademais da Lei 6/2016 de Economía Social de Galicia, o Decreto 225/2012 polo que se crea a Rede Eusumo, así como un abano de actores públicos e sociais de consolidada traxectoria a favor da propia Economía Social.

A Economía Social galega conta coa Estratexia Galega de Economía Social como vieiro para o seu fomento e desenvolvemento. Dentro desta Estratexia, considerada como unha ferramenta de valor, é posible observar como se contempla a posta en marcha do Consello Galego de Economía Social como órgano consultivo e espazo de coordinación entre as entidades de Economía Social de Galicia, así como o deseño conxunto de accións de xeito coordinado co Foro pola Economía Social Galega, sobre todo no relativo á construción da identidade sectorial.

É dicir, tanto normativamente como a nivel estratéxico e asociativo, Galicia conta cunhas bases sólidas para a construción dun sector potente que contribúa ó desenvolvemento socioeconómico do territorio. Con todo, considérase preciso avanzar no fortalecemento sectorial para, a partir do xa mencionado na Estratexia Galega de Economía Social, obter maiores efectos da política pública.

Neste sentido, tanto o Consello Galego de Economía Social como o Foro pola Economía Social Galega son elementos institucionais a potenciar a raíz, sobre todo no segundo caso, da súa pluralidade e representatividade do conxunto do sector. Este fortalecemento institucional debe ter en conta as aprendizaxes extraídas da evolución doutro tipo de entidades, de xeito que se teña como obxectivo a súa operatividade e a procura do seu rendemento en apoio do sector.

No relativo ó Consello Galego de Economía Social e o Consello Galego de Cooperativas amósase preciso considerar a reformulación e ampliación das súas competencias, para o cal unha das vías a explorar é a reconsideración da súa personalidade xurídica na liña de ampliar as súas capacidades de actuación. Neste mesmo sentido, tamén se observa a necesidade de establecer unha reflexión sobre a maximización das posibilidades que teñen os fondos de liquidación e formación dos que actualmente dispón o Consello Galego de Cooperativas, de xeito que a ampliación destas posibilidades redunde nun maior apoio efectivo á Economía Social en xeral e ó cooperativismo en particular.

Ademais, sobre todo no caso do Foro pola Economía Social Galega, o fortalecemento do seu rol pasa pola consolidación dos procesos de fusión de entidades asociativas que tiveron lugar nos últimos anos, de modo que, como así o recoñece a Estratexia Galega de Economía Social, é preciso reforzar o apoio ás entidades asociativas.

Con todo, esta liña de actuación relativa ó fortalecemento do sector asociativo debe ser paralela ó fortalecemento do rol de planificación, seguimento e control da Subdirección Xeral de Economía Social como órgano da Xunta de Galicia que lidera o sector. Así, tanto no liderado da política pública de fomento da Economía Social, como no relativo ó liderado da Rede Eusumo como ferramenta de fomento da mesma, é preciso que a Subdirección Xeral avance na asunción dun rol de carácter estratéxico e relacional que sustente a rede de actores e a súa actividade. É dicir, considérase preciso fortalecer o rol da Subdirección Xeral como nó central da rede da Economía Social galega e como actor central para a súa gobernanza.

## 2. Fortalecemento da Rede Eusumo.

Como se menciona con anterioridade, a Rede Eusumo forma parte do conxunto de activos cos que conta a Economía Social galega para o seu fomento e pulo. A Rede Eusumo, creada polo Decreto 225/2012, constitúese como unha ferramenta participativa de valor para o deseño e execución de actividades, así como para a súa axeitada capilarización sectorial e territorial.

De tódolos xeitos, a Rede Eusumo, como ente de gobernanza, debe contar cun liderado, tanto económico como técnico ou relacional, que actúe a xeito de elemento tractor e nexo de unión entre tódolos actores integrantes da devandita Rede. Este rol de nó central, como se menciona con anterioridade, correspóndelle á Subdirección Xeral de Economía Social da Xunta de Galicia, que debe manter estreitos vencellos en termos de planificación xeral das liñas de actuación co Consello Galego de Economía Social como órgano consultivo e espazo de coordinación, tal como se recoñece na Estratexia Galega de Economía Social, e con entidades asociativas de salientable capacidade, capilaridade e potencialidade como é o caso de ForoESGal.

Neste sentido, a modificación substancial do rol da Subdirección como actor central da Rede camiña paralela ó vieiro de fortalecemento do tecido asociativo da Economía Social galega. Un dos elementos a ter en conta neste camiño é a posibilidade de contar cos entes máis representativos como co-responsables, conxuntamente coa Subdirección Xeral, na prestación dos servizos da Rede aproveitando a dilatada experiencia e coñecemento co que estes entes contan, sobre todo tendo en conta os procesos de integración que se deron nos últimos anos. Ademais, débese ter en conta a elevada capacidade das entidades asociativas de coordinar e complementarse con outros programas a nivel local, autonómico e estatal relacionados co impulso á Economía Social. Así, a través do duplo fortalecemento proposto avánzase no liderado e na operatividade da Rede, ó mesmo tempo que se garante a consolidación do tecido asociativo.

Con todo, dentro da Rede bótase en falla e, polo tanto, recoméndase a presenza de entidades de eidos como pode ser o educativo non universitario, de salientable actividade en relación á Economía Social e de capilaridade territorial, que poderían contribuir a unha maior difusión desta.

Ademais, dentro desta liña de fortalecemento da Rede, e de adhesión de novas entidades, amósase preciso avanzar no deseño dun regulamento de réxime interno co obxectivo de clarificar o sistema de funcionamento e os ámbitos de actuación.

Outro dos elementos a ter en conta dentro deste proceso de fortalecemento é a necesidade de superar a focalización das actividades que, na actualidade, estase a dar na Rede. Como se verifica ó longo do actual Informe, boa parte destas actividades céntranse na difusión, formación e asesoramento, sendo outras actividades de menor entidade, polo que a actuación final da Rede queda limitada.

A reformulación da Rede, e o seu fortalecemento nas vías mencionadas, debe vir aparelado á emerxencia de actividades de planificación estratéxica. Esta planificación debe ser realizada, atendendo ás indicacións do Decreto 225/2012, de xeito anual e agregado co obxectivo de evitar duplicidades; así como de xeito territorial co obxectivo neste último caso de detectar tanto baleiros a cubrir por entidades da Economía Social (novas ou xa existentes) como redes de actores locais nas que inserir estas entidades. Dentro deste último aspecto cobran especial valor tanto asociacións xestoras de fondos de desenvolvemento europeos de carácter comarcal (GDR, GALP) como, sobre todo, os departamentos de desenvolvemento local de carácter municipal. Neste sentido, a Rede Eusumo debe fornecerse do coñecemento específico destes actores e fornecelos de coñecemento sobre a Economía Social co obxectivo de avanzar no fomento e consolidación das iniciativas.

### **3. A superación da vía incentivadora como ferramenta de actuación da Rede Eusumo.**

Ó longo do Informe realízase un achegamento ás principais vías de actuación da Rede Eusumo, entre as que salientan a execución directa de actividades a través das contratacións realizadas a tal efecto, e a convocatoria de diferentes liñas de axudas para o fomento da Economía Social, sendo esta última a vía máis salientable tanto polo volume orzamentario como pola súa asentada traxectoria.

Con todo, e tendo en conta que dentro da Estratexia Galega da Economía Social se considera necesario favorecer a cohesión territorial, amósase preciso avanzar no uso de ferramentas que vaian alén da convocatoria de liñas de axudas para o fomento das iniciativas da Economía Social. Así, como se mencionaba con anterioridade, aproveitar a potencialidade e capilarización da rede de actores para deseñar accións locais que contribúan á formación dun substrato axeitado sobre o que asentar as novas iniciativas económicas de proximidade. Estas accións deben responder á lóxica da prestación de servizos estable, fomentando a creación e consolidación de redes de actores, e aproveitando os baleiros ou potencialidades emerxidos nas análises estratéxicas realizadas sobre o territorio.

É importante que este traballo, a liderar dende a Rede Eusumo, asuma as aprendizaxes extraídas de iniciativas como as Oficinas Locais de Fomento Cooperativo ou, xa na actualidade, os Laboratorios Cooperativos no Rural, introducindo novos servizos proactivos que vaian alén da formación e acompañamento.

Dentro desta superación da vía incentivadora, tamén se atopa unha acción recollida na Estratexia Galega de Economía Social que debe ser potenciada, reforzada e ampliada ás restantes administracións públicas co liderado da Xunta de Galicia. Trátase da maximización da utilización da contratación pública socialmente responsable como vía para a expansión da demanda de servizos de proximidade, sobre todo, ás iniciativas locais de Economía Social. Esta liña de acción afecta tanto á Xunta de Galicia como ás administracións locais, e suporía a xeración de novas oportunidades de desenvolvemento, se ben é preciso acadar o aliñamento dos órganos contratantes das diferentes administracións, con garantía xurídica e con atención a normativas como a Directiva de Contratación Pública 2014/24/UE.

De tódolos xeitos, e paralelamente á superación da vía incentivadora, é posible mellorar a realidade actual a través da introdución nas liñas de axudas vixentes de elementos como o incentivo a actividades de fomento da Economía Social que ata o intre se están a ver limitadas na práctica, á investigación, ou ás actividades de intercooperación. Isto sería posible a través de modificacións puntuais de elementos como os criterios particulares de concesión ou das contías das propias axudas. Neste mesmo aspecto relacionado coa modificación das actuais liñas de axudas, e atendendo ó papel predominante que teñen as entidades representativas da economía social na xestión das actividades desenvolvidas neste marco, podería ser axeitado contar con liñas diferenciadas que contribúan a continuar fortalecendo o importante rol que veñen desenvolvendo as entidades representativas no fomento do cooperativismo e a economía social.

#### **4. A reconexión co territorio como base para a Economía Social.**

As recomendacións expostas con anterioridade teñen como obxectivo o fortalecemento das estruturas institucionais propias da Economía Social e da Rede Eusumo para aproveitar as oportunidades que o territorio ofrece ás iniciativas da Economía Social e que, na actualidade, non se están a transformar en creación e distribución social de recursos.

Así, perante a situación de emerxencia demográfica que está a atravesar boa parte do territorio rural galego, coa consecuente limitación da actividade económica, a

Economía Social xera alternativas que deben ser exploradas coa finalidade de reverter as tendencias e xerando territorios atractivos que reteñan/atraian poboación.

Neste sentido, e tendo en conta tanto as experiencias das iniciativas desenvolvidas ata o intre (Oficinas Locais de Fomento Cooperativo ou Laboratorios, por exemplo), como o necesario incremento da interlocución e intercambio cos actores locais relacionados co desenvolvemento local (moitos deles adheridos á Rede Eusumo), amósase preciso avanzar en procesos de planificación estratéxica territoriais encados á detección de baleiros nos que inserir iniciativas da Economía Social.

Así, a Rede Eusumo deberá compilar o coñecemento dos actores locais para, a continuación, focalizar as súas accións tanto sectorial como territorialmente en coordinación directa coa devandita rede de actores locais. Esta procura de complementariedades xera confianza nas redes de actores e incrementa as posibilidades para a consolidación das iniciativas, ó tempo que potencia, a nivel territorial, o rol dos actores existentes, fortalecéndoos e converténdoo en nós básicos das redes territoriais.

## 5. A investigación e a integración das Universidades na Economía Social.

Un dos elementos nos que, en termos comparativos, se observa un maior diferencial coa actividade de comunidades como o País Vasco é o relacionado coa integración da Economía Social coas Universidades e, como consecuencia directa, coa investigación académica. Este modelo supera o xa probado en Galicia para o fomento do emprendemento, e vai alén ó incluír tanto liñas de investigación en relación coa Economía Social, como investigacións de carácter sectorial que presten especial atención á implantación no territorio de iniciativas da Economía Social.

Neste sentido, é preciso reiterar a potencialidade que ten a Rede Eusumo xa que, na actualidade, as tres Universidades galegas están adheridas á mesma. Con todo, esta mesma potencialidade supón que sexa preciso reenfocar as accións relacionadas coas Universidades co obxecto de maximizar a súa efectividade e, sobre todo, incrementar o seu impacto tanto en termos de xeración de coñecemento, como en termos de contribución á dinamización territorial.

Ademais, xa na liña actual da colaboración en materia de emprendemento, a amplitude das recomendacións establecidas suporá unha aposta de maior seguridade por parte de grupos promotores que procuren, á saída da Universidade, o emprendemento en áreas rurais en sectores de elevado valor engadido e importante potencialidade de creación de emprego de calidade.

Deste xeito, o fortalecemento tamén do rol das Universidades suporía a inclusión da xeración de coñecemento dentro das actividades da Rede e da Economía Social, sendo este un elemento central para o desenvolvemento do sector e do territorio.

Para finalizar compre recordar a inexistencia dunha formación de postgrao en xestión e dirección de empresas de economía social en Galicia. Dado o mercado potencial para este tipo de formación sería aconsellable unha organización entre as tres universidades dun programa formativo que desta forma poda ser viable e sostible no tempo.



## 6. Crecemento e consolidación das empresas de economía social

Estamos nun período, onde o impacto da COVID, nos afecta de forma semellante que o resto de empresas mercantís, e precísase un apoio decidido en dúas vertientes: a) Por unha parte definir políticas sectoriais que permitan extender fórmulas de economía social dunha forma planificada e incentivada e b) consolidar as empresas de economía social para que se adapten os modelos de negocio do futuro e se dimensionen nun mercado cada vez máis competitivo. Respecto do primeiro aspecto, identificamos catro sectores de actuación planificada que poderían ser idóneos para a creación de empresas de economía social de forma significativa: sector forestal, economía dos coidados, contratación pública responsable e transformacións empresariais. Cada un deles o describimos no Anexo. O desenvolvemento da economía social neses sectores precisa de adaptación da políticas incentivadoras que dende a Consellería de Traballo e Igualdade se veñen realizando, nesta liña se poden reforzar os laboratorios cooperativos así como a liña de fomento do cooperativismo APROL, incrementando as axudas para estes sectores de oportunidade. Estas medidas terán que ir acompañadas por unha parte de plans de divulgación e sensibilización das fórmulas de economía social, cos principais axentes do sector e por outra co direccionamento do sistema de apoio o emprendemento dende Rede Eusumo hacia eses sectores.

En canto o segundo aspecto de consolidación, esa consolidación pasa por facer máis competitivas as empresas de economía social existentes fomentando en primeiro lugar a dixitalización dos modelos de negocio e articulando ferramentas de xestión e dirección tanto de negocio como corporativas. En segundo lugar o dimensionamento é un factor de supervivencia no mercado, como no caso do cooperativismo agroalimentario e no resto un factor clave para competir e ofrecer unha proposta de valor axeitada o mercado. O papel da administración no dimensionamento é o de crear e estimular ecosistemas favorables, para que xurdan proxectos de integración, que poden ir dende alianzas estratéxicas a fusiones de empresas. Neste amplo abanico de posibilidades compre dotarse de mecanismos que apoiem o sector para a xeración de proxectos experimentais así como apoios específicos para desenvolver liñas de integración máis clásicas, sobre todo cando son estratéxicas para o sector.

## 7. Seguimento e avaliación.

Tal como se pode comprobar nas recomendacións, o fincapé no fortalecemento é o elemento básico que sustenta o impulso pretendido na Economía Social e na Rede Eusumo como un dos seus principais elementos. Este fortalecemento ten, no que corresponde á Subdirección Xeral de Economía Social da Xunta de Galicia, un dos seus aspectos máis importantes, xa que a asunción do rol de nó central da rede de actores da política pública comporta a mellora da súa capacidade de planificación, de reitoría, da súa capacidade relacional, así como das capacidades relacionadas co seguimento, control e avaliación da política pública.

Así, a mellora do sistema de información da Subdirección é un aspecto a ter en conta dentro deste fortalecemento xeral. Neste sentido, son de valor as iniciativas de

modernización dos rexistros de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción; sobre todo cando a modernización se vencella coa disposición e acceso a datos propios da evolución das iniciativas relacionados, por exemplo, co número de traballadores ou coa súa facturación.

Deste xeito, a disposición de datos é un elemento fundamental sobre o que asentar a evolución das medidas o cal, cruzado con datos a extraer das diferentes convocatorias de liñas de axudas en vigor, deben levar a obter un mapa completo non só da realidade da Economía Social, senón do efecto da política pública de fomento a diferentes niveis territoriais. Neste sentido, este fortalecemento é unha oportunidade para avanzar na constitución e no fornecemento de información para a xeración dun Observatorio da Economía Social.

A xeración de datos primarios oficiais confiables, e a súa disposición para realizar cruzamentos, é un dos alicerces da necesaria asunción da tarefa de avaliación das políticas públicas de fomento da Economía Social e, máis en concreto, da Rede Eusumo. Sen este tipo de ferramentas avaliativas, que se entenden vencelladas á realidade participativa e innovadora da Rede e que deben incluír indicadores de tipo cualitativo sobre, por exemplo, o nivel de satisfacción de persoas usuarias ou de entidades beneficiarias de actuacións ou adheridas á Rede; non é posible superar os marcos actuais na procura dun maior impacto final das accións públicas.

## 3 ANEXO: OPORTUNIDADES DE CRECIMENTO EN SECTORES PARA A ECONOMÍA SOCIAL

Dende o ForoESGAL, realizáronse unha serie de informes de oportunidades, en diferentes sectores, dos que a continuación se describen uns resúmenes executivos.

### 3.1. Sector forestal.

Neste documento analízase e identifícanse os vínculos e oportunidade económicas e sociais entre Cooperativas e Montes Veciñais e Man Común e a súa orientación cara políticas de emprendemento dirixidas ao aproveitamento de superficies e recursos sen explotar dos mesmos.

Por iso, realizamos unha análise indicativa das necesidades xerais e retos do medio rural no que está inxeridos os montes veciñais en man común. Posteriormente avaliamos brevemente a grandes trazos a situación do monte en Galicia, facendo fincapé na necesaria diversificación produtiva do monte galego e o papel que no mesmo xa están a facer as cooperativas de traballo asociado e as potencialidades dos montes veciñais en man común. Posteriormente faise unha análise xurídica e organizativa da economía social e os montes veciñais en man común, no que se concreta o mecanismo xurídico que permite a estreita colaboración organizativa de ambas tipos de entidades, para rematar con unha descrición dos modelos organizativos de economía social máis acaídos de cara a esta colaboración produtiva.

Ao longo do presente documento identifícanse numerosas posibilidades e oportunidades de colaboración organizativa entre a economía social, e especialmente as cooperativas (de traballo asociado, mixtas de traballo asociado, de explotación comunitaria da terra,...). Sen lugar a dúbidas estas oportunidades estarán directamente vinculadas cos recursos naturais infrautilizados dos montes veciñais en man común, pero entre as que destacaríamos as seguintes: coidados de silvicultura ou servizos forestais en xeral, loita contra pragas, servizos agrícolas ou gandeiros compatibles coa produción forestal, produción de cultivos compatibles coa foresta, preparación de terras, viveiros,....

Ao longo do presente documento demandamos numerosas intervencións ás administracións para o sustento do medio rural, da poboación rural e do seu contorno. Pero, especificamente para activar este potencial dos montes veciñais en man común explicitamente propoñemos que promova e impulse nos montes veciñais en man común a posibilidade de **establecer os contratos de xestión previstos na Lei de montes de Galicia** que, en concreto, no seu artigo 44 habilitan a posibilidade de que os titulares de montes privados, como é o caso dos montes veciñais en man común, poidan xestionalos por si ou ben contratar a súa xestión tanto a entidades públicas como privadas, debendo salientarse o relevante papel que ao respecto poderían desempeñar as sociedades cooperativas. Sinalar, que esta contratación pode ter un carácter parcial en relación ao aproveitamento concreto dun recurso do monte veciñal, preservando a comunidade o resto de recursos para a súa xestión directa ou para contratar con outras entidades.

Deste xeito quedaría garantida tanto a primacía do interese social sobre a rendibilidade monetaria ou mercantil, como a aplicación dun modelo de xestión asembleario democrático, como o fomento de vínculos de solidariedade entre os membros daquela e coa propia comunidade, favorecendo o compromiso co desenvolvemento local, polo que representan una poderosa ferramenta de cohesión social, o cal representa un valor engadido respecto doutras iniciativas participadas por outras sociedades mercantís de capital.

Ao longo do documento cítanse as accións a desenvolver polas administracións, especialmente a imperiosa necesidade de poñer en valor os inestimables recursos que proceden dos montes veciñais en man común, (carentes nalgúns casos dunha axeitada organización que permita a súa efectiva materialización) se instrumente a través de ferramentas eficaces e eficientes (dende a perspectiva económica e social) na recuperación e posta en funcionamento das importantes superficies agroforestais.

Finalmente, dende as entidades representativas da economía social so nos queda realizar unha labor de información, formación, acompañamento técnico, orientación e titoría, cando sexa posible, dos procesos de colaboración entre as distintas figuras da economía social e entre as mesmas e as comunidades de montes veciñais para o aproveitamento dos recursos sen aproveitar dos montes veciñais, reclamando pertinentes apoios de axudas e investimentos para que os recursos se activen e colaboren na revitalización do medio rural de Galicia.

### 3.2. Sector economía dos coidados

O cooperativismo ten amosado a súa capacidade para prestar servizos de calidade no ámbito educativo. As cooperativas de ensino, especialmente as de traballo asociado son unha realidade en Galicia e en todo o territorio do estado con proxectos educativos que van desde as etapas de infantil ata os estudos universitarios, porén as fórmulas de economía social como cooperativas de ensino de consumo, cooperativas mixtas de traballo asociado, cooperativas sen ánimo de lucro e sociedades laborais teñen unha presenza testimonial e están pouco desenvolvidas, non sendo as devanditas cooperativas de ensino de traballo asociado.

Hai unha oportunidade de negocio neste sector dentro das fórmulas empresariais da economía social, especialmente no ámbito do cooperativismo, con acceso a axudas e subvencións interesantes e con fortalezas en torno ós principios e valores nos que se asenta o cooperativismo, que permiten crear organizacións fortes, eficientes e eficaces nun sector como é o do benestar e os coidados, a través da educación e o ensino nas etapas mais temperás. Exemplos delo son os centros de educación infantil, casas niño, ludotecas e casas do maior. Por contra a fórmula pola que se está optando en novos proxectos é a de asociación sen ánimo de lucro, que desde o noso punto de vista dota de menor garantías xurídicas aos proxectos especialmente cando se levan a cabo investimentos importantes e dificulta a xestión.

Concluimos que a **cooperativa, coa particularidade de “sen ánimo lucro”**, podería ser a fórmula que mellor se adecúa a estas actividades empresariais, pero aínda existe un descoñecemento sobre a fórmula, tanto a nivel institucional como a nivel da cidadanía galega. Porén, na actualidade existen importantes agravios comparativos, atrancos administrativos e burocráticos e falla de medidas específicas adoptadas para minimizar o impacto da crise da COVID-19, que está a ter especial incidencia neste tipo de entidades. Urxe tomar medidas e poñer en valor esta fórmula e potenciala nestes sectores, xa que as cooperativas sen ánimo de lucro galegas, son unha fórmula xurídica empresarial regulada pola vixente Lei Galega de Cooperativas na súa disposición adicional cuarta. Son unha fórmula perfectamente legal e segundo recoñece a devandita lei, teñen que ser consideradas polas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia como entidades sen ánimo de lucro a tódolos efectos, polo que deberían de poder rexistrarse como tales, nos diferentes rexistros autonómicos, provincias ou incluso locais como entidades sen ánimo de lucro, ou incluso como entidades de utilidade pública. Así mesmo se lle deberían abrir as portas ante os múltiples problemas e atrancos burocráticos en relación con trámites administrativos, liñas de axudas ás que por diversos motivos non poden optar, inseguridade xurídica e agravios comparativos nos criterios de contratación pública.

As cooperativas sen ánimo de lucro que desenvolven actividades económicas vencelladas aos servizos sociais e educativos ou outras similares teñen por finalidade mellorar a calidade de vida e condicións das persoas. Son polo tanto, empresas cun marcado fin social e fronte á confusa e ás veces espuria cualificación de empresas sociais empregadas por algunhas entidades mercantís, na que incluimos tamén algunha fundación ou asociación, as cooperativas sen ánimo de lucro son realmente empresas sociais sen ánimo de lucro que cumpren unha función fundamental conforme aos principios e valores cooperativos que lle son propios.

### 3.3. Contratación responsable

Dende FOROESGAL animamos ás diferentes Administracións Públicas a seguir traballando pola integración laboral das persoas con discapacidade, traballando por unha maior sensibilización con este colectivo de risco de exclusión social. Nalgúns casos, por descoñecemento da normativa, non se está cumprindo coa obrigatoriedade de reserva de contratos a CEEIS na súa xusta medida, e, polo tanto, non se están favorecendo as contratacións deste colectivo.

O procedemento que seguen as licitacións reservadas a CEEIS non é máis complexo nin implica un maior custe se se compara coas licitacións que non o son. Da mesma maneira, os contratos reservados a CEEIS nunca quedaron desertos debido a cantidade destes centros que existe na nosa Comunidade. Mostra disto é que en CEGASAL, organización empresarial multisectorial que representa e defende os intereses dos Centros Especiais de Emprego de iniciativa social dende o ano 1997, aglutínanse CEEIS que se atopan en diferentes sectores:

- Medio Ambiente.
- Automoción.
- Alimentación e Restauración.

- Servizos.
- Distribución.
- Outros.

Por último, destacar que os CEEIS están formados por persoas implicadas e cualificadas para realizar o seu traballo, polo que o nivel de satisfacción dos seus clientes sempre é elevado.

### 3.4. Transformacións empresariais

A transformación de empresas mercantís en crise ou por xubilación/ falecemento das persoas propietarias, en empresas da economía social, ten sido no pasado e pode ser un instrumento de primeira orde no mantemento de postos de traballo e actividade económica, sempre e cando se den os pasos e se removan os obstáculos que limitan o seu pleno desenvolvemento que son diversos: legais, burocráticos, financeiros, descoñecemento, ... tal e como se fixo constar nos distintos apartados deste informe.

Demándase das distintas administracións, tanto autonómica como estatal e no marco das súas competencias, un apoio decidido para fomentar e facilitar a transformación empresarial de empresas mercantís en empresas da economía social e concretamente:

1. Mediante a posta en marcha dun sistema de alerta temperá que permita detectar empresas con posibilidades de transformación, mesmo antes de chegar a procesos concursais.
2. Sistemas de garantía financeira que permitan reestructurar e sanear economicamente os novos proxectos mediante sistemas de avais e semellantes.
3. Modificación da lei concursal, facilitando a transmisión da unidade produtiva e dando seguridade xurídica en relación con saldos acredores pendentes, en especial das administracións públicas e salvagardas na subrogación por sucesión de empresa.
4. Deducións e incentivos fiscais e nas cotizacións á seguridade social.
5. Impulso de liñas de axuda específicas para o mantemento de emprego equivalentes ás de creación de empresas de economía social.
6. Impulso de liñas financeiras de apoio equivalentes ás que corresponderían á capitalización de desemprego ou facilitar ou axilizar a capitalización do desemprego no caso de empresas transformadas.
7. Impulso de liñas de axuda para programas de mentoría e acompañamento.
8. Comprometer aos principais axentes implicados: sindicatos, asesores-consultores, departamentos da administracións públicas con competencias de emprego na difusión e posta en valor en colaboración coas entidades representativas da economía social.
9. Campañas de difusión e promoción das distintas fórmulas, en especial a cooperativa mixta de traballo asociado, como instrumentos que posibiliten a adquisición da empresa por parte das persoas traballadoras.
10. Facilitar a adxudicación de contratos públicos a empresas recuperadas polas persoas traballadoras.